

CO EMPREGO NON SE XOGA

O día 12 de novembro o periódico Expansión publicaba a seguinte noticia: **“BBVA iniciará a venda da súa área de recobro en 2015”**

Isto engadido á venda de carteiras, xerou un profundo malestar e incerteza no equipo dos Departamentos afectados. E sen ter en conta a desafortunada inclusión na mesma noticia doutro titular referido a BBVA en Portugal.

Ante a ausencia de comunicación ningunha á plantilla, **CCOO púxose en contacto coa Dirección de RRHH de BBVA** e esixiu información sobre o transmitido pola prensa.

Maniféstannos que non hai compromiso ningún pechado con ningún Fondo de investimento, como puidese darse a entender, e que BBVA necesita a Área do CER, un Departamento ao que consideran indispensable na xestión bancaria.

Outra cousa ben distinta é a venda de carteiras que se está a producir dentro do Departamento do CER. Entenden que as devanditas vendas son rendibles para o Banco e son beneficiosas para a entidade. Neste caso, podería haber reaxustes na Área, pero sempre recolocando, e nunca tomando medidas traumáticas. Calquera outra situación que non fose a descrita anteriormente, **BBVA manifesta que teñen claro que contarían coa representación legal dos traballadores para informar, tratar e negociar as condicións de calquera proposta.**

CCOO, atendendo á incerteza xerada pola noticia publicada, e á falta de información achegada ata agora por parte dos diferentes responsables da empresa, consideramos necesario coñecer os termos dun proceso así, en caso de levarse a cabo. **É a mellor garantía que teñen as traballadoras e traballadores para a defensa e o mantemento do emprego**, achegando tranquilidade e estabilidade a toda a súa plantilla.

BBVA pode externalizar a xestión dunha área cando o estime oportuno, é decisión empresarial, pero dende a propia Responsabilidade Social Corporativa e a ética profesional, deben terse en conta as consecuencias que **unha decisión así pode ter sobre o negocio, a sociedade e a clientela, tanto a externa coma a interna.**

Ante calquera proposta do Banco de modificar as vosas condicións de traballo, e previo a tomar calquera decisión, é vital que vos poñades en contacto coas Delegadas e Delegados de CCOO, para asesorarvos, e para tomar a decisión máis axeitada aos vosos intereses.

Ante cualquier propuesta del Banco de modificar vuestras condiciones de trabajo, y previo a tomar cualquier decisión, es vital que os pongáis en contacto con las Delegadas y Delegados de **CCOO**, para asesoraros, y para tomar la decisión más adecuada a vuestros intereses.



Seguimos trabajando, seguiremos informando.

Novembro 2014